

O OVO DO DINOSAURO

Wang Quan'an, 2019

639

ESTREA EN NUMAX: 14.02.2020 | V.O.S.E. | +12

Óndög (2019, 100')

Dirección: Wang Quan'an

Guión: Wang Quan'an

Elenco: Dulamjav Enkhtaivan, Aorigeletu, Norovsambu

Son: Wang Xuliang

Fotografía: Aymerick Pilarski

Montaxe: Yang Wenjian

Dirección de arte: Bater

Vestuario: Wurichaihu

Produtora: New Theatre Union (Mongolia)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Mongol

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinalde 2019 (Sección oficial),
Seminci 2019 (Espiga de Ouro Mellor Filme, Mellor Fotografía)

FILMOGRAFÍA

White Deer Plain, 2011

Separados, juntos, 2010

Weaving Girl, 2009

La boda de Tuya, 2006

SINOPSE

Atopan unha muller asasinada na estepa de Mongolia. Durante unha noite, un policía mozo e inexperto ten que custodiar a escena do crime. Dado que descoñece os perigos do lugar, envían unha pastora para protexelo a el e o cadáver. Trátase dunha muller resolta que sabe como manexar un rifle e escorrentar os lobos. Este inesperado dúo comeza a achegarse máis conforme a noite avance en tan inhóspito e desolador lugar.

«Un retrato feminino e mitolóxico sobre o poder da natureza»

Beatriz Martínez, FOTOGRAMAS



“Morte e renacer están ligados sempre”

Entrevista con Wang Quan'an

Cal é o punto de partida do filme?

Non é a primeira vez que rodo en Mongolia. Xa rodara *La boda de Tuya* alí. Encántanme o tipo de espazos que hai. Os mongois teñen un xeito de vida nómade, posúen unha relación moi estreita coa natureza. A natureza é tanta que hai espazo de abondo para poder reflexionar sobre nós mesmos. Ademais, o filme baséase nunha historia real, aínda que os feitos en cuestión sucederon en China. O protagonista era un policía chinés, mais é difícil facer filmes sobre a policía chinesa, mesmo cando este non é un filme político propiamente.

Un dos personaxes di «iso que ven os nosos ollos humanos non ten por que ser á forza a realidade». É esta unha idea que tes na cabeza cando fas un filme?

Esta idea non sorprenderá a ninguén que coñeza as culturas e as espiritualidades orientais. Para nós, o mundo é unha ilusión. O que vemos non é a verdade, e a verdade é diferente ao que vemos. Isto quere dicir que debemos cada día ter unha ollada aberta sobre o mundo. Os humanos pensan a miúdo que están por riba das cousas, por riba da natureza. O que amosa o filme é o contrario, non somos gran cousa fronte a natureza, ela pode aprendernos cousas, e sobre todo pode cambiarnos.

É unha idea que tentas traducir na túa forma particular de compoñer e traballar as imaxes? Quixen que a natureza fose o máis maxestosa posíbel. Para os chineses dos que falamos, a idea da estepa era a dun lugar sombrío e desolador. Quixen dotalo de esplendor. Por iso traballei cun operador de cámara que non estivera familiarizado con estas paisaxes, escollín un francés. As imaxes posúen un ton dourado e engadín un filtro case rosa. Ao final, as imaxes non son para nada escuras, mesmo se o filme fala da morte. Quixen evitar toda melancolía e traducir a idea de que morte e renacer están ligados sempre.

Contas todo con moito sentido do humor. É indispensable. Non quixen que o filme fose serio de máis. Na Mongolia é posíbel ver ao lonxe grazas ás inmensas extensións. Tamén vemos lonxe no tempo porque nesas paisaxes intactas entendemos mellor que a historia de presenza humana non representa máis que unha pequena parte do que sucedeu na terra. Isto axuda a quitarlle ferro, e todas as historias, incluso as máis trágicas, devenen irrisorias.

Notas do director

Escribín o guión de todos os meus filmes, pero desta vez non había guión. En Mongolia, o que vin superaba con moito o ámbito da linguaxe. O meu

equipo de rodaxe chegou a Mongolia o 8 de xaneiro de 2018. Tardamos 90 días en prepararnos, 60 en rodar e tivemos que superar un sinfín de dificultades. Cando sentei na sala de montaxe vin por primeira vez *O ovo do dinosauro* rematado. Cría que fixera un filme sobre a vida, o amor e a morte. Pero o que vin era diferente á vida, a morte e o amor. Cando estiven en Mongolia tiven que adaptarme ao seu sentido do tempo. Interioricei o concepto mongol do tempo. A vida, a morte e o amor non eran como os percibira antes; o seu significado era completamente diferente. Sempre crin que antes de rematar un filme a capacidade da linguaxe para salvarlo queda curta. E cando rematei este, pareceume que a linguaxe resultaba superflua. Así que vamos limitarnos a ver un filme.

Textos publicados en www.lepolyester.com e caramelfilms.com
Tradución: Olalla Cociña

O director

Wang Quan'an (China, 1965) gradúase en 1991 na Academia de Cine de Beijing. Escribiu e dirixiu o seu primeiro filme en 1999. Con *Jingzhe (la historia de Ermei)* confirmase como membro significativo da Sexta Xeración do cinema chinés, caracterizada pola atención á sociedade contemporánea desde unha mirada persoal. No 2007 gaña o Oso de Ouro ao Mellor Filme con *La boda de Tuya*, e no 2010 con *Separados, juntos*, o Oso de Prata ao Mellor Guión.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenumax

